

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP01	Estética integral e benestar	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0744	Aparellos de estética	2023/2024	0	133	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA VICTORIA NORES GONZÁLEZ
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza os equipamentos de electroestética baseados nas radiacións electromagnéticas, en técnicas de mecanoterapia e na aplicación de calor e frío, en relación cos efectos fisiolóxicos que producen e coas súas aplicacións estéticas.
RA2 - Planifica a organización das instalacións e os equipamentos electroestéticos, cumprindo a lexislación.
RA3 - Prepara e pon a punto os equipamentos de electroestética, regulando os parámetros.
RA4 - Planifica a aplicación de técnicas electroestéticas, fototerápicas, mecanoterápicas, de termoterapia e de crioterapia, e xustifica a secuencia do protocolo.
RA5 - Caracteriza os novos aparellos de innovación tecnolóxica en estética en relación cos efectos da súa aplicación.
RA6 - Avalía os riscos da aplicación de técnicas de electroestética, tendo en conta as condicións e as características das persoas, e os requisitos técnicos.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse as correntes eléctricas con aplicación en estética.
CA1.2 Especificáronse as características dos equipamentos de electroestética, de fototerapia, mecánicos e de aplicación de frío e calor.
CA1.3 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de corrente de uso en estética.
CA1.4 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de técnicas fototerápicas de uso en estética.
CA1.5 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos coas técnicas de mecanoterapia de uso en estética.
CA1.6 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos coas técnicas fototerápicas de uso en estética.

Criterios de avaliación do currículo

CA1.7 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos coas técnicas de aplicación de frío e calor.

CA1.8 Caracterizáronse as aplicacións estéticas das correntes, das radiacións electromagnéticas, das técnicas mecanoterápicas e da aplicación de frío e calor.

CA1.9 Identificáronse as precaucións e as contraindicacións de cada corrente.

CA1.10 Caracterizáronse as técnicas que empregan corrente continua e variable, radiacións electromagnéticas e técnicas con efectos mecánicos.

CA1.11 Estableceuse a secuencia, o xeito de aplicación, os accesorios e os parámetros de cada técnica electroestética, fototerápica, mecánica e de aplicación de frío e calor.

CA1.12 Definíronse as normas de seguridade de cada aparello ou equipamento.

CA1.13 Interpretouse a documentación técnica dos equipamentos.

CA2.1 Identificáronse os requisitos de instalación eléctrica dunha cabina de tratamentos de electroestética.

CA2.2 Identificáronse os requisitos de instalación para aplicar técnicas de emisión de radiación electromagnética.

CA2.3 Identificáronse os requisitos de instalación para a aplicación de técnicas de mecanoterapia, termoterapia e crioterapia.

CA2.5 Identificáronse as características das cabinas de bronceamento.

CA2.6 Especificouse a lexislación en materia de bronceamento por raios UVA.

CA2.7 Relacionouse a aplicación dos métodos de hixiene e esterilización coas características dos utensilios e dos materiais.

CA2.9 Xestionouse a eliminación de residuos, os recambios dos equipamentos e os produtos de refugo xerados.

CA3.1 Seleccionouse o equipamento entre as técnicas de electroestética.

CA3.2 Describíronse as funcións das máquinas, os utensilios e os accesorios.

CA3.3 Verificáronse e reguláronse os dispositivos e os sistemas electrónicos das máquinas.

CA3.4 Seleccionáronse accesorios, utensilios e cosméticos en función das características de cada técnica.

Crterios de avaliación do currículo
CA3.5 Controláronse as condicións de hixiene e desinfección de equipamentos, accesorios e materiais.
CA3.6 Montáronse e revisáronse os utensilios e os accesorios.
CA3.7 Relacionáronse os parámetros de aplicación cos efectos.
CA4.2 Elaborouse o protocolo de execución das técnicas electroestéticas, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.
CA4.3 Organizouse a área de traballo co equipamento, os accesorios e os produtos necesarios.
CA4.4 Adoptáronse as medidas de protección necesarias para a persoa usuaria e para o persoal profesional.
CA4.5 Axustáronse os parámetros de aplicación en función da técnica, os efectos perseguidos e as características da persoa usuaria.
CA4.6 Especificáronse as sensacións que se poden producir durante a aplicación da técnica.
CA4.7 Establecéronse as operacións previas necesarias para a aplicación da técnica electroestética, fototerápica, mecanoterápica, e de termoterapia e crioterapia.
CA4.9 Estableceuse a secuencia da técnica aplicada.
CA4.10 Determináronse o sinerxismo e o antagonismo das técnicas nos tratamentos estéticos combinados.
CA5.1 Identificáronse as novas tendencias en aparellos do mercado da estética.
CA5.2 Especificáronse as características dos novos equipamentos de electroestética.
CA5.3 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de corrente, radiación e técnica.
CA5.4 Identificáronse as precaucións e as contraindicacións de cada corrente.
CA5.5 Estableceuse o protocolo de actuación das técnicas innovadoras.
CA5.6 Identificáronse as vantaxes e os inconvenientes da introdución do novo servizo nunha cabina de estética.
CA6.1 Determináronse as causas de risco máis frecuentes na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

Crterios de avaliación do currículo

CA6.2 Identifícanse as precaucións que cumpra tomar na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.3 Determináronse as contraindicacións específicas de cada unha das técnicas.

CA6.4 Recoñécéronse os signos e síntomas que evidencian nun suxeito un aumento de risco potencial ante a aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.5 Identifícanse as medidas de emerxencia que hai que tomar nas diferentes situacións de risco durante a aplicación das diferentes técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.6 Determináronse as pautas que cumpra seguir para informar a persoa usuaria sobre os riscos posibles dos tratamentos.

CA6.7 Identifícanse as medidas de protección persoal de profesionais e persoas usuarias na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

2.2. Segunda parte da proba**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Caracteriza os equipamentos de electroestética baseados nas radiacións electromagnéticas, en técnicas de mecanoterapia e na aplicación de calor e frío, en relación cos efectos fisiolóxicos que producen e coas súas aplicacións estéticas.

RA2 - Planifica a organización das instalacións e os equipamentos electroestéticos, cumprindo a lexislación.

RA3 - Prepara e pon a punto os equipamentos de electroestética, regulando os parámetros.

RA4 - Planifica a aplicación de técnicas electroestéticas, fototerápicas, mecanoterápicas, de termoterapia e de crioterapia, e xustifica a secuencia do protocolo.

RA5 - Caracteriza os novos aparellos de innovación tecnolóxica en estética en relación cos efectos da súa aplicación.

RA6 - Avalía os riscos da aplicación de técnicas de electroestética, tendo en conta as condicións e as características das persoas, e os requisitos técnicos.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as correntes eléctricas con aplicación en estética.
CA1.2 Especificáronse as características dos equipamentos de electroestética, de fototerapia, mecánicos e de aplicación de frío e calor.
CA1.3 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de corrente de uso en estética.
CA1.4 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de técnicas fototerápicas de uso en estética.
CA1.5 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos coas técnicas de mecanoterapia de uso en estética.
CA1.6 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos coas técnicas fototerápicas de uso en estética.
CA1.7 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos coas técnicas de aplicación de frío e calor.
CA1.8 Caracterizáronse as aplicacións estéticas das correntes, das radiacións electromagnéticas, das técnicas mecanoterápicas e da aplicación de frío e calor.
CA1.9 Identifícanse as precaucións e as contraindicacións de cada corrente.
CA1.10 Caracterizáronse as técnicas que empregan corrente continua e variable, radiacións electromagnéticas e técnicas con efectos mecánicos.
CA1.11 Estableceuse a secuencia, o xeito de aplicación, os accesorios e os parámetros de cada técnica electroestética, fototerápica, mecánica e de aplicación de frío e calor.
CA1.12 Definíronse as normas de seguridade de cada aparello ou equipamento.
CA1.13 Interpretouse a documentación técnica dos equipamentos.
CA2.1 Identifícanse os requisitos de instalación eléctrica dunha cabina de tratamentos de electroestética.
CA2.2 Identifícanse os requisitos de instalación para aplicar técnicas de emisión de radiación electromagnética.
CA2.3 Identifícanse os requisitos de instalación para a aplicación de técnicas de mecanoterapia, termoterapia e crioterapia.

Crterios de avaliación do currículo

CA2.4 Comprobase que os equipamentos e os accesorios cumpran os requisitos de seguridade esixidos pola normativa.

CA2.8 Controláronse as condicións de almacenamento de utensilios e accesorios.

CA2.9 Xestionouse a eliminación de residuos, os recambios dos equipamentos e os produtos de refugo xerados.

CA3.1 Seleccionouse o equipamento entre as técnicas de electroestética.

CA3.2 Describíronse as funcións das máquinas, os utensilios e os accesorios.

CA3.3 Verificáronse e reguláronse os dispositivos e os sistemas electrónicos das máquinas.

CA3.4 Seleccionáronse accesorios, utensilios e cosméticos en función das características de cada técnica.

CA3.5 Controláronse as condicións de hixiene e desinfección de equipamentos, accesorios e materiais.

CA3.6 Montáronse e revisáronse os utensilios e os accesorios.

CA3.7 Relacionáronse os parámetros de aplicación cos efectos.

CA4.1 Identificouse o estado da pel, as súas características e as súas alteracións previamente á selección da técnica ou das técnicas que se vaian realizar.

CA4.2 Elaborouse o protocolo de execución das técnicas electroestéticas, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA4.3 Organizouse a área de traballo co equipamento, os accesorios e os produtos necesarios.

CA4.4 Adoptáronse as medidas de protección necesarias para a persoa usuaria e para o persoal profesional.

CA4.5 Axustáronse os parámetros de aplicación en función da técnica, os efectos perseguidos e as características da persoa usuaria.

CA4.6 Especificáronse as sensacións que se poden producir durante a aplicación da técnica.

CA4.7 Establecéronse as operacións previas necesarias para a aplicación da técnica electroestética, fototerápica, mecanoterápica, e de termoterapia e crioterapia.

CA4.8 Aplícanse as técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia adoptando as medidas de protección necesaria.

Crterios de avaliación do currículo

CA4.9 Estableceuse a secuencia da técnica aplicada.

CA4.10 Determináronse o sinerxismo e o antagonismo das técnicas nos tratamentos estéticos combinados.

CA5.1 Identificáronse as novas tendencias en aparellos do mercado da estética.

CA5.2 Especificáronse as características dos novos equipamentos de electroestética.

CA5.3 Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de corrente, radiación e técnica.

CA5.4 Identificáronse as precaucións e as contraindicacións de cada corrente.

CA5.5 Estableceuse o protocolo de actuación das técnicas innovadoras.

CA5.6 Identificáronse as vantaxes e os inconvenientes da introdución do novo servizo nunha cabina de estética.

CA6.1 Determináronse as causas de risco máis frecuentes na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.2 Identificáronse as precaucións que cumpra tomar na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.3 Determináronse as contraindicacións específicas de cada unha das técnicas.

CA6.4 Recoñecéronse os signos e síntomas que evidencian nun suxeito un aumento de risco potencial ante a aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.5 Identificáronse as medidas de emerxencia que hai que tomar nas diferentes situacións de risco durante a aplicación das diferentes técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.6 Determináronse as pautas que cumpra seguir para informar a persoa usuaria sobre os riscos posibles dos tratamentos.

CA6.7 Identificáronse as medidas de protección persoal de profesionais e persoas usuarias na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Serán a totalidade de resultados de aprendizaxe (RA) e de contidos (BC) indicados no currículo do TÉCNICO EN ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR (Decreto178/2012) para o módulo APARELLOS DE ESTÉTICA en Imaxe Persoal

- Identificar as correntes eléctricas con aplicación en estética.
- Identificar as precaucións e as contraindicacións de cada corrente.
- Relacionar os efectos fisiolóxicos cos tipos de corrente de uso en estética.
- Especificar as características dos equipamentos de electroestética, de fototerapia, mecánicos e de aplicación de frío e calor.
- Establecer a secuencia, o xeito de aplicación, os accesorios e os parámetros de cada técnica electroestética, fototerápica, mecánica e de aplicación de frío e calor.
- Definir as normas de seguridade de cada aparello ou equipamento.
- Interpretar a documentación técnica dos equipamentos.
- Planificar a organización das instalacións e os equipamentos electroestéticos, cumprindo a lexislación.
- Identificar os requisitos de instalación para a aplicación de técnicas de mecanoterapia, termoterapia e crioterapia, de radiación electromagnética
- Identificar as características das cabinas de bronceamento.
- Especificar a lexislación en materia de bronceamento por raios UVA.
- Comprobar que os equipamentos e os accesorios cumpran os requisitos de seguridade esixidos pola normativa.
- Identificar o estado da pel, as súas características e as súas alteracións previamente á selección da técnica ou das técnicas que se vaian realizar.
- Elaborar un protocolo de execución das técnicas electroestéticas, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.
- Organizar a área de traballo co equipamento, os accesorios e os produtos necesarios.
- Establecer as operacións previas necesarias para a aplicación da técnica electroestética, fototerápica, mecanoterápica, e de termoterapia e crioterapia.
- Adoptar as medidas de protección necesarias para a persoa usuaria e para o profesional.
- Axustar os parámetros de aplicación en función da técnica, os efectos perseguidos e as características da persoa usuaria.
- Aplicar as técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia adoptando as medidas de protección necesaria.
- Establecer de forma practica a secuencia da técnica aplicada.
- Identificar as novas tendencias en aparellos do mercado de estética e especificar as súas características
- Establecer o protocolo de actuación das técnicas innovadoras. Relacionar os efectos fisiolóxicos coa técnica e identificar as precaucións e as contraindicacións técnica
- Determinar as causas de risco máis frecuentes na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

- Identificar as precaucións que cumpra tomar na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.
- Determinar as contraindicacións específicas de cada unha das técnicas.
- Recoñecer os signos e síntomas que evidencian un aumento de risco potencial ante a aplicación das técnicas electroestéticas
- Identificar as medidas de emerxencia que hai que tomar nas diferentes situacións de risco durante a aplicación das diferentes técnicas
- Determinar as pautas que cumpra seguir para informar a persoa usuaria sobre os riscos posibles dos tratamentos.
- Identificar as medidas de protección persoal do profesional e da persoa usuaria na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Se avaliará o grado de coñecemento dos mínimos exixibles; o desenvolvemento das técnicas e procesos, e a aplicación de estos a casos concretos teórico-prácticos. Se avaliará a capacidade de razoamento, iniciativa e creatividade na resolución das cuestións propostas nas probas.

1ª Parte da proba: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos mínimos establecidos na programación do módulo. Cualificarase esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. As respostas que conteñan erros correspondentes os mínimos exixibles e as preguntas non contestadas calificaranse de forma negativa. Para a superación da proba, as/os matriculadas/os no módulo deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. É preciso responder como mínimo o 50% dos contidos da proba para acadar o aprobado. Esta 1ª proba representa o 60% da cualificación final.

2ª Parte da proba. As/os aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte, que, igualmente, terá carácter eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento de casos prácticos sobre os contidos mínimos da programación.

A non execución dos casos prácticos e/ou os erros cometidos correspondentes os mínimos exixibles, serán cualificados de forma negativa. A proba cualificarase de cero a dez puntos, considerándose aprobada se a cualificación obtida é igual ou superior a cinco puntos. Non se poderán acadar 5 puntos se non se responde como mínimo o 50% dos contidos da proba. Esta segunda proba representará un 40% da cualificación final.

A cualificación final se obtén sumando as cualificacións das dúas probas, asignando os seguintes porcentaxes a cada unha delas:

- 60% para a parte teórica
- 40% para a parte práctica

A proba será invalidada no caso de que algún das/os examinadas/os utilice nestas materiais ou métodos non permitidos. Non está permitido :

- Auriculares, telefonía móbil, tablets ou ordenador personal,
- Materiais propios (libros, apuntes , folios, etc.), a excepción de bolígrafo azul ou negro e lápiz, ou os indicados na prona correspondente.
- Falar con outro alumno durante a proba

Recórdase que "...É deber do alumnado seguir as directrices do profesorado..." (Art.7 apartado g. LEI 4/2011, do 30 de xuño. DOG Xullo 2011).

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Se realizará una proba escrita individualizada, onde se demostre a adquisición e comprensión dos contidos necesarios para acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. A proba estará estruturada en tres partes:

- Cuestións de resposta múltiple pechada, e/ou cuestións de relación, e/ ou cuestións verdadeiro/falso
- Cuestións de resposta aberta
- Cuestións teórico-prácticas.

As respostas incorrectas se avaliarán de xeito negativa.

As cuestións sen responder se avaliarán de xeito negativo.

A duración da proba será de dúas horas .

Material necesario para a realización da proba: bolígrafo azul ou negro, lápiz, calculadora

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que durante a proba permanecerá sobre a mesa a disposición do profesorado.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Non se permite o abandono da aula ata transcorridos 30 minutos do inicio do exame. Ao remate do exame entregarase o cuestionario e calquera outro papel utilizado.

Calquera irregularidade durante a realización da proba pode implicar a expulsión da mesma.

4.b) Segunda parte da proba

Se realizará una proba práctica individualizada na aula taller onde se desenvolvan as destrezas necesarias para a avaliación das capacidades demandadas para acadar os mínimos exixidos no módulo :

- Identificación e manexo dos aparellos de electroestética.
- Caso práctico de elaboración e aplicación dun protocolo de traballo con aparatoloxía e a súa aplicación nun/ha cliente/a

A duración da proba será de dúas horas.

Para a realización da proba será necesario :

- Material de protección persoal
- Modelo (se exclue como modelo o alumnado do Ciclo Superior de Estética Integral e Benestar e os Técnicos en Estética Integral e Benestar)

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que durante a proba permanecerá sobre a mesa a disposición do profesorado.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

Non se permite o abandono da aula ata transcorridos 30 minutos do inicio do exame. Ao remate do exame entregarase o cuestionario e calquera outro papel utilizado.

Calquera irregularidade durante a realización da proba pode implicar a expulsión da mesma.